

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, sobre os danos causados polas obras do AVE na estrada OU-114, sita no Concello de Castrelo do Val.

Os veciños e veciñas do concello ourensán de Castrelo do Val, víronse obrigados a manifestar o seu malestar públicamente pola pasividade de ADIF á hora de abordar ás desfeitas causadas polas obras de construción do AVE ao seu paso pola zona.

Dende fai uns anos, as obras xeraron un problema grave de seguridade ao causar enormes fochancas no firme de dita estrada.

A estrada afectada é de uso cotiá para trasladarse polo municipio, así como para desprazarse aos servizos da capitalidade comarcal (Verín) ou provincial (Ourense). Dende que a estrada comezou a estragarse, as veciñas e veciños afectados non só se enfrontan a un problema de tempo nos desprazamentos, senón que se atopan con un problema de seguridade viaria moi grave, así como un elevado custe económico en reparacións de vehículos estragados polo mal estado de conservación da estrada.

Esta situación pódese trasladar tamén aos ramais OU-111 e OU-113, estradas que tamén se atopan nun lamentable estado de conservación.



ADIF, adxudicou a finais do ano 2016 a reparación de varias estradas autonómicas e provinciais danadas polas obras do AVE, sen que a día de hoxe se teña coñecemento de nada o que atinxe á súa reparación.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea formula as seguintes preguntas:

1. Cal é o motivo polo que ADIF aínda non levou a cabo a reparación da estrada OU-114 no concellos de Castrelo do Val (Ourense) estragado polas obras de construción do AVE?
2. É consciente a Xunta de Galicia dos perigos no que se atopa a estrada que é vital para o desprazamento das veciñas e veciños da localidade?
3. De ser afirmativa a anterior pregunta, que ten falado a Xunta de Galicia co Ministerio de Fomento sobre o problema?

Santiago de Compostela a 11 de setembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



David Rodríguez Estévez na data 12/09/2017 14:27:13